Trasalba (Ourense) 9 Sep. 1945.

Sr. D. Antonio Fraguas - Sant-Yago

Meu querido amigo: Infindamente agradecido pol'o seu recordo co gallo do dia do meu Santo, ao que non respondin, como debera, dinantes porque tiven unha má semán de currabechada dôr de môas co seu acompañamento de febre, mal xeito ecta. Alédome moito de que pase ben a tempadiña do vrán.

Eu ren de interés lle podo dicir. Por eiqui estou con libros e proieutos, as máis veces perdendo o tempo.

Supoño que xa terá recibido o libro. Ten que disculpar moitas fallas. Xa sabe que eu son precipitado no traballo. Non'o mandei dinantes pol'a tardanza do editor en me dar os exemplares.

Xa me informará do prometido. Veremos si dinantes do San Martiño podo voltar por isas rúas.

Con saudos de Fita pra o matrimonio e meus respeitos á sua dona, mándalle unha rexa aperta seu amigo de sempre,

R. Otero Pedrayo